

EXPTE. Nº 730/2024

CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE: “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS, REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL 0-3 DE MOSTEIRO”.

PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN ORDINARIA.

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: 373.881,56€, 78.515,13€ IVE, Total 452.396,69€.

FINANCIACIÓN: DEPUTACIÓN PROVINCIAL (PROGRAMA PON2030) E CONCELLO DE MEIS (PLAN + PROVINCIA 2024)

DECRETO APROBACIÓN DO EXPEDIENTE

Visto o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meis, aprobado con data 15-11-2023, para a execución da actuación denominada “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS, REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL 0-3 DE MOSTEIRO”, no marco do Programa provincial de infraestructuras e dotacións singulares para a execución da AXENDA 2030 PROGRAMA PON 2030.

O importe subvencionable de 467.603,30€: se desglosa en:

*Orzamento de execución material do investimento: 452.396,69€.

*Dirección de obra: 11.404,96€.

*Coordinación de seguridade e saúde: 3.801,65€.

Visto o orzamento da actuación prevista no dito Convenio que acada un total de 467.603,30€; dos que corresponde aportar á Deputación Provincial o importe de 397.462,81€ a través do “PROGRAMA PON2030” (financiamento do 85%) mediante subvención aprobada polo pleno da Deputación Provincial de data 23.06.23 (Expte.2030010533), e ao Concello de Meis o importe de 76.157,32€ (financiamento do 15%) con cargo ao “Plan +Provincia” 2024.

Visto o proxecto técnico das obras de “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS, REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL 0-3 DE MOSTEIRO”, redactado polo arquitecto David Cacabelos Rico, por importe de 452.396,69€, que resultó aprobado mediante acordo do Pleno Municipal de data 19-04-2023.

Visto o acordo do Pleno do Concello de data 27/05/2024, de delegación na Alcaldía do expediente de contratación da ditas obras.

Realizadas rectificacións sobre o proxecto inicial, éste resutou aprobado mediante Decreto da Alcaldía de data 17/06/2024.

Vista a necesidade da contratación das obras de “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS, REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL 0-3 DE MOSTEIRO”, que ven dada porque a través da execución das mesmas, preténdese dotar á escola infantil de



eficiencia enerxética, seguridade contra incendios, reforma interior e ampliación de prazas. Igualmente, resulta preciso realizar a contratación das obras para executar o convenio referenciado.

Considerando as características das obras, e o importe do contrato; o procedemento aberto simplificado, varios criterios de adxudicación, resulta ser o procedemento axeitado de contratación.

Visto o xustificante de intervención sobre a existencia de crédito con cargo á aplicación orzamentaria: 3231.632.

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe de secretaría.

Visto o artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Conforme á delegación da competencia da contratación deste expediente na Alcaldía.

Esta RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación das obras de “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS, REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL 0-3 DE MOSTEIRO”, por importe de: 373.881,56€, 78.515,13€ IVE, Total 452.396,69€, mediante procedemento aberto simplificado, varios criterios de adxudicación, tramitación ordinaria.

SEGUNDO.- Aproba-lo gasto con cargo á aplicación presupostaria: 3231.632.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que como lei fundamental do contrato, rexerán o procedemento aberto simplificado, varios criterios de adxudicación para a adxudicación das obras referenciadas.

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no Perfil de contratante para presentación de ofertas durante o prazo de 20 días dende o día seguinte á publicación.

Mandao e asina a Alcaldesa, do que eu Secretaria dou fe

A ALCALDESA

Ante mío, a secretaria

Marta Giráldez Barral

M^a Carmen Merino Moína

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

